

Begoña Caamaño, eu tamén navegar

[Henrique Dacosta](#)

17 de maio de 2026

<https://www.elidealgallego.com/galicia/2026-05-17/begona-caamano-eu-tamen-navegar-855935.html>

Begoña Caamaño escribe as novelas *Circe ou o pracer do azul* e *Morgana en Esmelle*, dúas obras extraordinarias dunha magnífica factura. Na primeira, Penélope acode á pluma da autora como unha muller moi lonxe da resignación, pois renuncia á espera polo seu home. Circe, alén diso, comunícalle que Ulises está con ela na illa de Eea, e ambas establecen unha relación epistolar do máis edificante. Xohana Torres en *Tempo de ría* xa nolo advertira: “Existe a maxia e pode ser de todos./ A que tanto novelo e tanta historia?/ EU TAMÉN NAVEGAR”. As dúas, poeta e novelista, reverten o desingnio imposto e dispóñense a termar do leme elas mesmas.

Na segunda das súas narrativas, Begoña Caamaño vólveo facer cunha Morgana que toma as rendas e se opón a Merlín, a quen pide explicacións polos erros cometidos no pasado. Merlín, refuxiado lonxe da súa patria e en compañía da raíña Xenebra, reside agora na terra de Miranda, en Esmelle, onde chegará Morgana á procura de explicacións. O poder extrasensorial de Morgana foi capaz de ver e saber que seu pai, Garlois de Cornualles, non é quen realmente xaceu coa mai cando regresa de loitar contra o inimigo. Seguidamente, Garlois morrerá no campo de batalla, e o fillo que procreará Igraine pertencerá a Uther Pendragón, o vencedor, o asasino e substituto de Garlois no reino. O fado, a resignación, o deber contraído fará recaer a maldición sobre Cornualles.

Os debates e enfrontamentos a que asistimos ao longo desta narración trazan o celme central da historia. Vemos a un Merlín ensoberbecido no pasado, pois consegue dar con Garlois, daquela un rillote, na fortaleza de Tintaxel, alleo ás guerras e xogando feliz no patio, pero xa marcado polo mau fado e cun destino reservado polo mago para el. O vello mago fórbase nutrindo antes dos saberes druídicos de Ávalon, mais cuns intereses radicalmente opostos aos propugnados na illa. Así, paulatinamente, vai gañando a confianza da xente invasora e elabora o seu plan.

As artimañas de Merlín conseguiran que ese fillo procreado en Igraine se coroase rei de Britania, futuro rei Artur. O seu afán político e de conversión ao cristianismo, e que xulga que a sabedoría debe estar na mans duns poucos, converte a Merlín nun ávido e desaconsellábel preceptor aos ollos de Morgana, mais tamén de Viviana, druída en Ávalon e irmá de Igraine, con quen Merlín compartiu antano ensinanzas, soños e abrazos. Viviana decepciónase ao entender que nada pode facer por reconducir o futuro de Artur que xa Merlín elaborara para el anos atrás: “Que hábil es, meu bo Merlín. Prométeslle un imperio e reservas para ti o mando. Abofé que a túa

astucia medra máis rápido que a barba que loces cada día máis longa. Ti, e non Artur, serás o dono de Britania e será o teu nome o que permaneza na historia”.

Filipe de Amancia, unha das voces narradoras desta novela, xurdida da prosa cunqueira, vai relatar desde o presente a verdade do seu amo, o mago Merlín, e da súa ama, a raíña Xenebra. Afronta o deber de contar, asumindo o papel de transmisor desa realidade co fin de talvez reparar un dano causado. A caída en desgraza de Merlín, o dano irreversible cometido sobre Xenebra por parte de Morgana, desbarata todo o que urdira o mago para Artur. Artur, pola súa parte, decide iniciar a busca do Santo Graal como expiación do seu abominábel pecado.

“O meu nome é Morgana. [...]

Morgana, a filla de Garlois. A irmá do rei. A sabia. A druída. A meiga. A fada. A bruxa. A puta.

Chamádeme como queirades. Tanto ten. Son todas e non son ningunha, que en cada unha das Morganas, e de tantas outras como poidades imaxinar, hai parte da miña esencia, pero que eu son máis, moito máis do que a súa suma ou o seu conxunto.

Eu son Morgana e esta é a miña historia”.

Begoña Caamaño, di Ramón Nicolás en ***A nena que perdeu un zapato na lama***: “[...] prendeu, aos poucos, a semente do espírito crítico e alí [refírese á escola de dona María sendo meniña] comezou a ver o mundo con lentes violetas”. E é que Caamaño descose por completo as costuras do “feminino”, quebrando así cos arquetipos e gañando espazo como muller consciente e rebelde nese mundo hostil ao seu xénero.